

DECRETO 314/1986, DE 16 DE OUTUBRO, POLO QUE SE REGULA O SISTEMA PÚBLICO DE MUSEOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA (DOG de 7 de novembro de 1986).

O artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía atribúelle à Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de museos que non sexan de titularidade estatal. Deste precepto derívase, evidentemente, a capacidade normativa da Comunidade Autónoma no tocante à regulamentación das institucións museísticas non estatais radicadas no ámbito territorial galego, que hai que entender referida a un sistema de accesamento ao patrocinio con fondos públicos dos museos que podan ser considerados integrantes do patrimonio cultural galego, sen prexuízo do respecto às institucións museísticas promovidas tanto por iniciativa pública como privada, que desexen manterse à marxe do sistema público dos museos da Comunidade Autónoma de Galicia. Pero tamén cumpre deducir do preceito estatutario antes citado a indubidábel consecuencia de que con el se lle atribúe à Xunta de Galicia e, en xeral, aos poderes públicos da Comunidade Autónoma, o deber de fomentar e patrocinar unha rede de museos que constitúan un soporte cultural para o cumprimento das finalidades que lle son propias.

Por todo iso, por proposta do Conselleiro de Cultura e Benestar Social, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa xuntanza do día 16 de outubro de 1986, dispoño:

Artigo 1.

Considéranse museos de interese para Galicia aquelas institucións de carácter permanente destinadas, sen ánimo de lucro, à custodia, adquisición, conservación, documentación, estudo e exhibición de bens móbeis e obxectos ou testemuños de valor histórico, arqueolóxico, artístico, etnográfico, científico ou técnico, integrantes do patrimonio cultural galego.

Artigo 2.

Para que os museos desempeñen os fins culturais que lle son propios, a súa organización e funcionamento garantizará que cumpran, entre outras, as seguintes funcións:

- a) A conservación, catalogación, restauración e exhibición ordenada das pezas e coleccións.
- b) A organización periódica de exposicións científicas e divulgativas acordes coa natureza do museo.
- c) O desenvolvemento dunha actividade didáctica, pedagóxica e investigadora respecto aos seus contidos, así como a elaboración e publicación de catálogos e monografías dos seus fondos.

Artigo 3.

O sistema público de museos da Comunidade Autónoma estará integrado por:

- a) Museos propios, cuxa titularidade corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia, e que serán financiados con cargo aos presupostos xerais da mesma.
- b) Museos concertados, integrados mediante convenio ao sistema público de museos da Xunta de Galicia, pero mantendo a súa titularidade específica e diferenciada do grupo anterior. A Xunta de Galicia contribuirá ao sustemento destes museos en rexime de subvención.

Artigo 4.

A Xunta de Galicia disporá de facultades de regulación, ordenación, vixilancia e inspección da actuación de todas as institucións museísticas a que se refere o artigo anterior. Corresponderá, en todo caso, o exercicio de ditas facultades á Consellería de Cultura e Benestar Social, a través dos servizos específicos do Dirección Xeral de Cultura e do Patrimonio Histórico-Artístico.

Artigo 5.

A creación de museos propios farase por Decreto da Xunta de Galicia, por proposta do Conselleiro de Cultura e Bienestar Social. No Decreto de creación se enunciarán os criterios científicos que definen os seus obxectivos e as coleccións que constituirán os seus fondos iniciais; establecerase tamén a estrutura básica do museo e os servizos con que haberá de contar.

Os museos que son actualmente de titularidade estatal adquirirán a condición de museos propios da Xunta de Galicia cando sexan trasferidos á Comunidade Autónoma. A incorporación de calquera outro museo existente como propio seguirá os mesmos trámites previstos para os de nova creación.

A Consellería de Cultura e Bienestar Social poderá establecer convenios de xestión con museos de titularidade estatal requiríndose en tal caso tamén acordo do Consello da Xunta de Galicia.

Un caso de museo propio é o Museo Pedagóxico de Galicia, creado e regulado por Decreto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria 268/2000, do 2 de novembro (DOG nº 219, do 13 de novembro).

Artigo 6.

Poderán establecer concertos coa Consellería de Cultura e Bienestar Social os museos actualmente existentes ou que podan criarse no futuro, e cuxa titularidade corresponda a corporacións ou entidades provinciais ou locais de carácter público, institucións, funcións e entidades privadas ou eclesiásticas.

Artigo 7.

O titular ou promotor dunha institución museística que desexe establecer un rexime de concerto coa Consellería de Cultura e Bienestar Social haberá de acompañar á solicitude a documentación, acreditativa dos seguintes extremos:

- a) Memoria explicativa da necesidade da súa creación e, no seu caso, antecedentes do función socio-cultural e actividades do museo xa existente.
- b) Escritura pública de constitución ou acta fundacional e regulamentos ou estatutos.
- c) Título, descrición e características do imóbel onde se pretende ubicar o museo, ou onde se atopa xa instalado.
- d) Descrición dos servizos museísticos.
- e) Proxecto técnico da instalación e dos medios de seguranza e conservación ou memoria daqueles dos que dispón o museo.
- f) Fondos con que conta, ou cos que pretende ser dotado e fontes de financiación previstas.
- g) Composición e funcionamento do Padroado.
- h) Rexime de acceso a investigadores e estudosos, horarios de apertura e peche e ordenación das visitas do público.

Artigo 8.

A solicitude de concerto dirixirase á Dirección Xeral de Cultura e do Patrimonio Histórico-Artístico, a cuxa Subdirección Xeral do Patrimonio Histórico-Artístico corresponderá a verificación de canto se preceptúa no artigo anterior. Cumprido este trámite, o expediente será sometido a informe da Xunta Superior de Museos de Galicia. A proposta do concerto será elevada polo Dirección Xeral de Cultura e do Patrimonio Histórico-Artístico ao Conselleiro de Cultura e Bienestar Social para a súa aprobación, se procede, mediante a correspondente Orde.

Artigo 9.

A Xunta Superior de Museos de Galicia integrada na Consellería de Cultura e Bienestar Social estará composta por:

- O Director Xeral de Cultura e do Patrimonio Histórico-Artístico, que a presidirá.
- O Subdirector Xeral do Patrimonio Histórico-Artístico, que terá a condición de Vicepresidente.
- Dous representantes dos museos propios.
- Dous representantes dos museos concertados, designados polo Conselleiro de Cultura e Benestar Social.
- Un representante do Consello da Cultura Galega.
- Catro vocais designados polo Conselleiro entre persoas de recoñecido prestixio neste campo.
- Actuará como secretario un funcionario da Dirección Xeral de Cultura e Patrimonio Histórico-Artístico con categoría mínima de xefe de sección.

Artigo 10.

Correspóndelle á Xunta Superior de Museos de Galicia:

- a) Informar os proxectos de criazón de museos propios, así como o establecemento de museos concertados e as condicións dos concertos.
- b) Informar a distribución de subvencións aos museos concertados, con cargo á partida presupostaria que a tal efecto se consigna no programa de museos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.
- c) Informar proposta a desenvolver pola Consellería en materia museística, e impulsar o cumprimento das finalidades culturais propias dos museos, aos que se refere o artigo 2 deste Decreto.

Artigo 11.

Tanto os os museos propios como os concertados se rexerán por un Padroado, concebido como órgano colexiado con funcións reitoras, de xestión e de administración do museo. A composición e rexime de funcionamento se establecerá por Orde da Consellería de Cultura e Benestar Social cando se trate de museos propios da Xunta de Galicia e no correspondente convenio nos museos concertados.

Artigo 12.

Á fronte de cada museo haberá un director, cuxa selección e nomeamento corresponderá á Consellería de Cultura e Bienestar Social cando se trate de museos propios. Nos museos concertados estarase ao que dispoñan os estatutos e regulamentos do museo, así como ao contido do convenio neste punto.

Artigo 13.

Serán atribucións do Director entre outras, as seguintes:

- a) Desempeñar a Dirección e xerencia do museo e xestionar a prestación de servizos do mesmo.
- b) Ordenar, impulsar e encauzar os traballos de conservación, investigación e difusión do museo.
- c) Ostentar a autoridade do Padroado en todos os asuntos de rexime interior e a súa representación no exercicio de todas as accións externas que afecten ao Museo.
- d) Propor ao Padroado a incorporación de novos fondos ao museo.

Incumbe ao director a responsabilidade de que o museo cumpra as finalidades descritas no artigo 2 deste Decreto.

Artigo 14.

Será obrigado para todos os museos, tanto propios como concertados, a confección dun inventario e/ou un catálogo no que fiquen descritas e enumeradas todas as pezas e obxectos neles depositados. Unha copia desta documentación haberá de ser remitida á Dirección Xeral de Cultura e do Patrimonio Histórico Artístico da Consellería de Cultura e Bienestar Social.

Artigo 15.

En virtude do deber de tutela sobre o patrimonio histórico-artístico que corresponde á Consellería de Cultura e Benestar Social calquer outra instalación que pretenda ostentar a condición de Museo, deberá obter a autorización da Dirección Xeral previo o informe da Xunta Superior de Museos. A Dirección Xeral do Patrimonio Histórico-Artístico poderá recabar en todos os museos radicados en Galicia, aínda que non teña rexime de concerto, a información a que se refere o artigo anterior.

Artigo 16.

Corresponde á Consellería de Cultura e Benestar Social, a través da Dirección Xeral de Cultura e do Patrimonio Histórico-Artístico, prestar a autorización previa para as saídas temporais, dentro ou fóra do territorio da Comunidade Autónoma dos fondos depositados nos museos a que se refere o presente Decreto, e en todos os demais, excepto as que sexan de titularidade estatal.

Artigo 17.

Créase o Rexisto Xeral de Museos, que terá carácter público e gratuito, adscrito á Consellería de Cultura. En dito rexisto inscreberanse todos os museos radicados en Galicia con descrición das súas características e dos fondos que albergan.

DISPOSICIÓN FINAIS

Primeira. Autorízase ao Conselleiro de Cultura e Bienestar Social a ditar as disposicións regulamentarias que sexan precisas para o desenvolvemento e execución deste Decreto.

Segunda. O presente Decreto entrará en vigor a partir do día 1 de xaneiro de 1987.

DECRETO 334/1994, DO 8 DE SETEMBRO, DA CONSELLERÍA DE CULTURA, POLO QUE SE CREA O REXISTO XERAL DE INICIATIVAS CULTURAIS (DOG nº 217, do 10 de novembro)

Artigo 1.

Criase o Rexisto Xeral de Iniciativas Culturais, no que se inscreberán as propostas de natureza esencialmente cultural que formulen os particulares, asociacións e institucións coa finalidade de prestar apoio económico e garantir a realización de aqueles proxectos que resulten preseleccionados pola Consellería de Cultura.

Artigo 2.

1. O rexisto, que responde à finalidade de alentar e formalizar a creatividade e participación social no campo cultural, será aberto e permanente.
2. Funcionará nos servizos centrais da Consellería de Cultura, no centro administrativo de San Caetano, baixo a responsabilidade da secretaría xeral.
3. As propostas poderán presentarse calquer día hábil, en horas de oficina, no propio rexisto, ou en calquera das delegacións provinciais da Consellería de Cultura, e tamén a través de algunha das formas previstas no artigo 38 da Lei de rexime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 3.

Os asentos no rexisto efectuaranse respectando a orde temporal de recepción das propostas e constarán de un número, hora e data de entrada, nome do presentante, nome do autor da proposta, referencia sintética do contido de ésta e incidencias posteriores da mesma.

Artigo 4.

As propostas serán remitidas á Comisión de Programación e Coordinación de Iniciativas Culturais, creada polo Decreto 365/1993, de 17 de decembro, que emitirá informe valorativo das mesmas, no que constarán os seguintes extremos, e cantos outros xulgue oportuno elevar á Consellería:

- a) Importancia e interese cultural da correspondente proposta.
- b) Novidade ou antecedentes da mesma.
- c) Ambito territorial e social da proposta, e posíbel repercusión na imaxe interior e exterior de Galicia ou da súa cultura.
- d) Valoración económica da proposta.
- e) Conveniencia de asumir a proposta, con indicación do sistema máis axeitado para desenvolvela, ben directamente pola Administración ou ben polos propios autores da iniciativa, con ou sen colaboración de outros axentes culturais (asociacións e institucións).

Artigo 5.

Mediante resolucións motivadas, e de entre as propostas formuladas pola Comisión de Programación e Coordinación de Iniciativas Culturais, o conselleiro de Cultura seleccionará as que decida desenvolver, directamente pola consellería ou por outros axentes culturais.

Artigo 6.

As ordes de convocatoria de subvencións e axudas que dicte a Consellería de Cultura en desenvolvemento deste decreto, respectarán os criterios establecidos no artigo 4.º As resolucións das convocatorias darán prioridade aos proxectos previamente seleccionados conforme ao disposto no presente Decreto.

Artigo 7.

A falta de resolución expresa por parte da Administración producirá efectos desestimatorios transcorridos seis meses desde a presentación no Rexistro das Propostas de Iniciativas Culturais.

DISPOSICIÓN FINAIS.

Primeira.

Facúltase ao Conselleiro de Cultura para dictar as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste Decreto.

Segunda.

O presente Decreto entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no «Diario Oficial de Galicia».